

LENDAS DE DARBO

Recompilación de lendas da zona do Morrazo, dirixida por: Euloxio López, Xosé Manuel Pazos, Xosé Manuel González e Xosé Ramón Bernárdez; traballo pendente de publicación por parte do Centro de Benestar Social, dependente do Concello de Cangas.

A ZAMORA

A Zamora é un lugar que se atopa nos montes de San Roque. Fai anos tiña unha aparencia totalmente distinta á que ten hoxe. Daquela, cando os homes non tiñan un poder destructivo tan grande por non haber as máquinas que nos permiten desbastar un monte en poucos días e metelo no eido, a vexetación era tan mesta que a penas deixaba pasar a luz do sol e por iso cando estaba entre o lusco e o fusco, semellaba noite pecha.

A xente tiña medo de pasar por alí porque a escuridade sempre provoca temor. Pero, ademais, contan que había un ser misterioso, aínda ninguén puido describi-la súa natureza. Uns dicían que era humano, outros que era unha ánima do purgatorio, e outros crían que se trataba dun trasno.

No que todos estaban de acordo, era en que se comportaba coma se dunha imaxe se tratara.

A cuestión era que, cando alguén subía polo monte, sempre aparecía a misteriosa imaxe. Deixaba que se aproximara o camiñante e cando chegaba á súa altura cortáballe a cabeza.

Din que no mesmo monte había outra imaxe que, do mesmo xeito que a anterior, agardaba a que o camiñante se achegara. Se ía despistado, sacaba un peite do peto e peiteaba ó descoidado. Deixaba que seguira camiño pero sen perdelo de vista e un pouco máis adiante facía o mesmo co anterior e cortáballe a cabeza.

Segundo contan algúns estes feitos só sucedían nas noites claras de verán.

LENDA DA IGREXA DE DARBO

Contan que a igrexa de Darbo ía ser construída nun lugar preto da Cruz de Castro.

Cando xa estaban a comezar coas primeiras obras de preparación do terreo e cimentación, unha branca pomba amolaba continuamente aos obreiros e non lles deixaban traballar, incluso desfecendo o que cada día os canteiros facían de xeito que cada mañá atopaban estragado o traballo do día anterior.

Un día, cansos xa, decidiron perseguir ás pombas e viron que estas pousaban nunha arboreda do val, non lonxe do lugar. Parece ser que entenderon que as pombas queríanlle amosar aquel lugar e indicar que era onde debían construír a igrexa.

Así pois, decidiron trasladar todo e construíla nese lugar, o que puideron facer sen ningún problema, e aí podemos vela hoxe.